

2. H2050

Hospital 2050 (H2050) é un plan de innovación sanitaria centrado no desenvolvemento de tecnoloxías capaces de dar vida ao hospital do futuro. Activado a través dun proceso de compra pública innovadora cofinanciado con fondos FEDER, rematou en 2015 co resultado de 9 proxectos.



Retos. Os retos asociados a H2050 estrutúranse arredor de tres grandes eixes:

- Hospital seguro:** Desenvolvemento de soluciones que garantan a seguridade do paciente e a súa confianza nos coidados sanitarios recibidos, así como a seguridade dos xestores e profesionais na prestación dunha asistencia eficiente.
- Hospital verde:** Programas de uso eficiente de auga e enerxía, xestión integral de refugallos sólidos e líquidos e manexo axeitado de substancias químicas, garantindo o cumprimento da normativa ambiental e sanitaria vixente.
- Hospital sustentable e eficiente:** Ferramentas tecnolóxicas para a diminución de riscos ambientais e ocupacionais, a educación ambiental, a seguridade, a calidade na atención ao paciente, a redución de custos, a diminución do consumo de enerxía, a mellora da loxística e o aumento da produtividade.

Proxectos. Os proxectos resultantes serán obxecto dunha demostración física a escala na nova área do Complexo Hospitalario de Ourense, pertencente ao Sergas, con base nun novo modelo funcional centrado no paciente e cun enfoque de asistencia aberta e participativa:

1. Urxencias- Sistemas de xestión intelixente	>
2. Trazabilidad integral de pacientes e recursos	>
3. Robotización hospitalaria	>
4. Hospital autosostible	>
5. Novo HIS 2050- Sistema Integral de Xestión de Pacientes	>
6. Habitación intelixente	>
7. Hospitalización innovadora	>
8. Hospital dixital seguro	>

